

O Festival de Música Clásica Son As Pontes, xunto ao Concello das Pontes de García Rodríguez, presentan o **1º Concurso Internacional de Música de Cámara Son As Pontes** para fomentar a difusión da música clásica e incentivar a formación camerística de novos intérpretes.

O 1º Concurso Internacional de Música de Cámara Son As Pontes, celebrarase nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña) –España- o día **14 de xullo do 2022**. Previamente realizarase un procedemento de selección mediante a remisión de gravacións de vídeo no período establecido nestas Bases.

O Concurso concibiuse como un encontro de músicos, no que os novos intérpretes poidan convivir, relacionarse, intercambiar experiencias e empreguen esta experiencia como plataforma para desenvolver a súa carreira profesional o mundo da música de cámara.

O certame realizarase o xoves 14 de xullo e o desenvolvemento do concurso terá lugar no **Auditorio da Casa Dopeso** da cidade das Pontes, na seguinte dirección:

Rúa Rosalía de Castro, 28, 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña

INFORMACIÓN XERAL

O concurso está dirixido a todo tipo de formacións instrumentais e poderán participar concursantes desde os 18 anos en adiante, en grupos dun mínimo de dous instrumentistas.

A idade media dos compoñentes das formacións de cámara **non superará os 30 anos** e poderán participar no concurso intérpretes de música clásica de todas as nacionalidades.

A organización resérvase o dereito de realizar a gravación do concurso e de retransmitilo por calquera medio audiovisual ou redes sociais. Os participantes renuncian a todos aqueles dereitos que lles puidesen corresponder por esta acción.

Unha vez rematado o concurso, e previa deliberación do xurado, darase a coñecer o veredicto e entregaranse os premios e diplomas.

Todas as cuestións non previstas neste regulamento serán resoltas polo Comité Organizador dacordo co xurado. Todas as decisións serán **inapelables**.

INSCRICIÓN

A participación no concurso dos grupos de cámara realizarase mediante o **boletín de inscrición** que se pode atopar na páxina web do Festival:

<https://www.sonaspontes.com/>

O prazo para o envío das solicitudes remata o **5 de Xuño de 2022** e deberá enviarse xunto coa documentación requerida ó seguinte correo electrónico:

sonaspontes@gmail.com

As formacións de cámara terán que enviar xunto co boletín da inscrición unha **gravación**, mediante un link de **Youtube**, cunha duración aproximada de **10 minutos**. Así mesmo, os aspirantes terán que enviar a **partitura escaneada** da obra que interpretan.

O vídeo gravarase **nunha soa toma**, sen ningún corte nin edición.

A selección das agrupacións que asistirán á fase final do Concurso a decidirá o xurado tras a valoración das gravacións achegadas polos participantes.

O xurado seleccionará un máximo de **6 agrupacións**, que pasarán á fase final e que será presencial (14 de Xullo). O fallo será inapelable.

A decisión se comunicará aos finalistas a través do correo electrónico antes do 10 de Xuño, que deberán confirmar a súa participación na Fase Final e realizar o pago dos dereitos de inscrición tal e como se informará na comunicación. Estes dereitos serán de 50 euros por grupo de cámara.

FASE FINAL

A fase final realizarase o **xoves 14 de xullo** e estará conformada por un máximo de 6 finalistas, que presentarán un repertorio cunha duración de entre **20 e 30 minutos** podendo repetir a obra ou movemento da fase anterior. Determinarase a orde de actuación dos finalistas mediante un sorteo previo.

O nome dos gañadores farase público ao finalizar as audicións dos grupos finalistas e tras a deliberación do xurado. A continuación, terá lugar a entrega de premios e diplomas por autoridades, membros do xurado e patrocinadores do concurso.

PREMIOS

Concederanse os seguintes premios:

- **Primeiro premio:** 1250 euros e diploma
- **Segundo premio:** 600 euros e diploma
- **Resto de finalistas:** diploma

Todos os premios estarán suxeitos a os impostos legais establecidos. En caso de un premio ex aequo, os candidatos repartiranse o premio correspondente a partes iguais. A non asistencia á entrega de premios implica a renuncia ao premio por parte dos galardoados, a excepción de que veña motivada por unha causa xustificada.